

# VAI DE BARANDA!

Por Asociación Cultural San Campio

*"A Requinta da Laxeira vai de baranda  
(chunda, chunda), de aquí para acolá,  
unhas veces preto e outras máis  
lonxe...sempre con brincos, voltas,  
"alegría"...fiel reflexo da savia nova.*

*A Asociación Cultural San Campio é o berce  
e acubillo deste grupo que comeza a súa  
andaina alá polo ano 2004.*



*A comarca da Ulla e as súas xentes  
representan o semilleiro que fai agromar en cada unha das súas  
actuacións "as músicas e os cantares" dun tempo, e máis o imprescindible  
arrecendo a festa rachada!*

*A requinta, instrumento característico desta zona e que tamén lle dá nome  
á formación, é a anfitriona de muñeiras, pasodobles, xotas, rumbas ..., que  
convidan a botar unha "baila" tanto ó suelto como ó "agharradiño".*

*Viva a "ghaita" e as/os "ghaiteiros/as", viva a requinta e os/as  
requinteiros/as, viva a festa e os festeiros!*

*Aturuxos..."foghetes ó aire"...pum...pum...pum!*

*A Requinta da Laxeira...VAI DE BARANDA!"*

Este ano dende a Asociación Cultural San Campio, queremos rendirle unha pequena homenaxe ao noso grupo, de aí as verbas coas que comezamos este escrito.

Moitos son os motivos: o seu xeito de entender a música e a festa, a enerxía que desprenden en cada actuación, o seu esforzo por mellorar...e outro non menos importante, a gravación do seu primeiro disco, titulado "Vai de Baranda". O pasado 21 de decembro de 2009 tivo lugar nos Estudos Mans da Coruña a gravación en directo deste traballo discográfico. Dende este recuncho queremos agradecerlle a tódalas persoas e institucións que aportaron o seu grao de area para que este proxecto vira a luz.

E falando da Festa do Viño, non podía faltar unha canción do seu repertorio moi apropiada para a ocasión e que ademáis poderemos escoitar o día da festa.

*"Para tódolos festeiros do mundo, para ós/ás veciños/as e amigos/as, para tódolos/as que seguides este grupo dende sempre e que levades algo de "laxeiros" no "peito"...esta peza é para vós"*

Era o viño  
Era o viño  
Era o viño miña nai,  
Era o viño  
Era o viño miña nai,  
Era o viño

Era o viño miña nai, era o viño  
era o viño mesclado coa caña,  
era o viño miña nai, era o viño  
era o viño que me emborrachaba.

(ESTRIBILLO)

O viño branco é meu primo  
o tinto é meu párate,  
non hai festiña no mundo  
onde meu primo non entre.

ESTRIBILLO.

O viño branco é meu primo  
o tinto é meu parante,  
non sei que terá o viño  
que tanto mal fai á xente.

ESTRIBILLO.

O viño é cousa santa,  
que nace na cepa torta,  
a uns prívalle o sentido  
outros non certan da porta.

ESTRIBILLO.

Dáme viño dáme viño,  
que xa me vou para o mar,  
dáme viño dáme viño.  
que "augha" teño a fartar.

